



## **MEMORIA DE CALIDADE**

**Facultade de Ciencias da Educación**

**Curso Académico: 2014-2015**

## Índice

1. Introducción .....	2
2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade .....	7
3. Plan de Melloras do Centro .....	11
4. Anexo: Informes de seguimento .....	25

## 1. Introducción

A Memoria de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación, de acordo cos procesos e procedementos establecidos no Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) do Centro, comprende os seguintes apartados:

- Informe de seguimento dos Títulos
- Informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora.
- Proposta do plan de melloras do centro para o curso seguinte que recollerá as propostas de mellora dos Títulos derivadas dos seus informes de seguimento.

No curso a que corresponde a presente memoria, os Títulos adscritos á Facultade de Ciencias da Educación, que constitúen o ámbito de aplicación do SGIC no curso 2014-2015, son os seguintes:

- Grao en Pedagogía
- Grao en Educación Social
- Grao en Mestre/a en Educación Infantil (compartido coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo).
- Grao en Mestre/a en Educación Primaria (compartido coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo)
- Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas (compartido coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo)
- Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario
- Máster Universitario en Procesos de Formación
- Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación (primeiro ano desde a súa implantación polo que aínda non conta con informe de seguimento).

Por outra parte, considérase documentación de referencia para o desenvolvemento do SGIC, ademais do Manual do SGIC e do Manual de Procesos e Procedementos do SGIC marco da USC e da normativa xeral estatal, autonómica e da Universidade de Santiago de Compostela, a que se relaciona a continuación:

- Memorias dos Títulos impartidos no Centro:
  - Memoria do Grao en Pedagogía
  - Memoria do Grao en Educación Social
  - Memoria do Grao en Mestre/a en Educación Infantil (compartido coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo).
  - Memoria do Grao en Mestre/a en Educación Primaria (compartido coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo)
  - Memoria do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas (compartido coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo)
  - Memoria do Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario
  - Memoria do Máster Universitario en Procesos de Formación
  - Memoria do Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación
- Normativa propia do Centro, como Regulamento do Traballos Fin de Grao, Regulamento de Réxime interno etc
- Actas e acordos dos órganos de Goberno da Facultade, como a Xunta de Facultade e as Comisións delegadas.

Indicar, así mesmo, que no ano en curso corresponde realizar o informe para a renovación da acreditación dos títulos de grao da Facultade, correspondente aos períodos de implantación 2009-14 (Graos en Pedagogía e Educación Social) e 2010-2014 (Graos en Mestre/a en Educación Infantil e en Educación Primaria) polo que na presente Memoria se incorporan tamén estes informes.

A Facultade de Ciencias da Educación desenvolve a súa política de calidade a través da súa programación plurianual e o plan anual de melloras, que se elaborarán e

aprobarán de acordo co establecido no proceso *PE-01, Política e Obxectivos de Calidade do centro*.

A Facultade adquire o firme compromiso de garantir a calidade nesta e establece a súa política baixo estes principios:

- Responsabilidade: proporcionar unha formación dirixida cara á excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas noso alumnado e profesorado e da sociedade en xeral.
- Integración, participación e igualdade: esta Facultade establece como un dos principios claves da súa política que todas as necesidades dos grupos e colectivos que a integran sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da Facultade a través das vías establecidas para iso garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.
- Orientación ao alumnado: esta Facultade garante no seu programa formativo a orientación ao alumnado entendendo que é o principal receptor deste.
- Excelencia: o traballo desta Facultade realízase tendo como meta alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais escolas e facultades recoñecidas.
- Transparencia: Esta Facultade basea a xestión do seu programa formativo na transparencia nos seus resultados e na difusión destes aos seus grupos de interese.

A Comisión de Calidade do Centro (CCC) é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGIC do Centro, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema e dos seus logros. A CCC reunírase coa periodicidade marcada na súa planificación, levantará acta de cada unha das sesións e fará públicas as análises e as decisións tomadas no seo desta.

Entre as funcións da CCC está elaborar a Memoria de Calidade do Centro que englobará distintos informes e memorias:

- Proposta do plan de melloras do centro para o curso seguinte que recollerá as propostas de mellora dos Títulos derivadas dos seus informes de seguimento.
- Informe do seguimento da implantación do SGIC e as súas propostas de mellora.
- Informes de seguimento dos Títulos e, no seu caso, informes de renovacións das acreditacións dos títulos e planos de mellora derivados dos mesmos.

De acordo co procedemento establecido, as Comisións dos Títulos elaboran os Informes de Seguimento e/ou renovación da acreditación, que son revisados pola Comisión de Calidade do Centro. Esta, á súa vez, elabora o Informe de seguimento do SGIC e o Plan anual de melloras do Centro, ao que incorpora as accións de mellora derivadas dos diferentes informes de seguimento (ou informes de renovación de acreditación no seu caso).

A aprobación da Memoria de Calidade do Centro (composta polos documentos enumerados), de acordo co Manual Simplificado do SGIC marco da USC e co Manual Simplificado da Facultade de Ciencias da Educación, será aprobada en Xunta de Facultade con data 30 de marzo de 2016 e incorporárase á web da Facultade de Ciencias da Educación para dar cumprimento ao principio de transparencia e información pública.

Desde a aprobación do Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade da Facultade de Ciencias da Educación o pasado 22 de abril de 2015 téñense celebrado dúas xuntanzas da CCC, unha o 23 de novembro de 2015 na que se aprobaron os informes de seguimento dos títulos de máster, que se imparten na facultade, e os plans de mellora derivados dos mesmos e outra o pasado 20 de xaneiro de 2016 na que se aprobaron os informes de renovacións da acreditación dos grados, que se imparten na facultade, e os plans de mellora derivados dos mesmos. Por último o pasado 21 de marzo de 2016 elaborouse o Informe de seguimento do SGIC e o Plan anual de melloras do Centro, ao que incorporaron as accións de

mellora derivadas dos diferentes informes de seguimento (ou informes de renovación de acreditación no seu caso).

## 2. Seguimento do Sistema de Garantía Interna de Calidade

O Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) é unha ferramenta para propiciar a mellora continua nas titulacións adscritas á Facultade de Ciencias da Educación de cara á consecución de niveis de calidade que faciliten a renovación periódica da súa acreditación de acordo ao establecido no RD 1393/2007 e no RD 861/2010.

O SGIC da Facultade de Ciencias da Educación resulta da adaptación ao Centro do SGIC marco da Universidade de Santiago de Compostela (USC), deseñado á súa vez seguindo o modelo das axencias de calidade nacional e autonómica, ANECA e ACSUG.

Este sistema de garantía da calidade sométese a un seguimento anual que, xunto co seguimento dos títulos e os plans de mellora derivados, contribúe ao mantemento e actualización das accións encamiñadas ao desenvolvemento da política de calidade do centro.

A documentación do SGIC da Facultade de Ciencias da Educación e as evidencias da súa implantación están dispoñibles para consulta pública na web institucional da Facultade, na sección de Calidade ([http://www.usc.es/gl/centros/cc\\_educacion/plandecalidade.html](http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html))

A política de calidade da Facultade de Ciencias da Educación mantense vixente e actualizada, no seu obxectivo de garantir uns programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia, no contexto universitario, da contorna educativa, social, laboral e investigadora. Búscase unha xestión de calidade como elemento chave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos grupos de interese e mantense tamén o compromiso de garantir as condicións de desenvolvemento profesional axeitadas ao seu persoal docente e investigador e de administración e servizos, así como o compromiso de rendición de contas do investimento e a optimización dos seus recursos. Para a satisfacción das necesidades e expectativas lexítimas dos seus grupos de interese, a Facultade de Ciencias da Educación emprega todos os recursos técnicos, económicos e humanos á súa



disposición, sempre dentro do estricto cumprimento dos requisitos legais aplicables, tanto a nivel autonómico como estatal e europeo.

A dita política de calidade da Facultade de Ciencias da Educación e o seu SGIC abranguen a totalidade dos títulos académicos oficiais que nela se imparten e debe atender a todas as persoas (estudantes, persoal docente e investigador e persoal de administración e servizos) que nela desenvolven a súa actividade. Sendo os títulos adscritos á Facultade no momento que corresponde a este informe de seguimento/renovación da acreditación (curso 2014-15) os seguintes:

- Grao en Pedagogía
- Grao en Educación Social
- Grao en Mestre/a en Educación Infantil (compartido coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo)
- Grao en Mestre/a en Educación Primaria (compartido coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo)
- Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas (compartido coa Facultade de Formación de Profesorado de Lugo)
- Máster Universitario en Investigación en Educación, Diversidade Cultural e Desenvolvemento Comunitario
- Máster Universitario en Procesos de Formación
- Máster Universitario en Igualdade, Xénero e Educación (primeiro ano desde a súa implantación polo que aínda non conta con informe de seguimento)

Os plans de mellora anuais dos títulos da Facultade de Ciencias da Educación son o produto do seguimento sistemático de cada un dos programas formativos desenvolvidos no Centro. Mediante o seguimento compróbase se os plans de estudo se están a levar a cabo de acordo co respectivo proxecto inicial e, no seu caso, as posteriores actualizacións; que se están a obter os resultados previstos, e que se está a responder ás expectativas e necesidades dos grupos de interese.

Para corrixir as posibles debilidades dos procesos, propóñense accións de mellora. Estas son elaboradas anualmente polas comisións académicas dos títulos oficiais adscritos ao centro, logo de analizar a información pública dispoñible e os resultados dos indicadores de calidade relativos aos títulos, que se plasman nos (auto)informes de seguimento anuais.

A CCC analiza as accións propostas polas Comisións Académicas, propón outras accións, analiza o estado de execución do plan de mellora anterior e, como resultado, configura o Plan de mellora anual do Centro.

Entre as necesidades detectadas, logo da análise do funcionamento e os resultados dos distintos procesos do SGIC quixeramos destacar especialmente as relativas aos resultados académicos dos distintos títulos e aos indicadores de eficacia do sistema. Así dos procedementos máis importantes asociados aos procesos do SGIC destacaríanse necesidades nos seguintes:

#### - DE PLANIFICACIÓN E SEGUIMIENTO DO SGIC

- Proseguir na análise da participación dos diferentes grupos de interese do centro na revisión do SGIC e na análise, implementación e avaliación das accións que del se derivan.

#### - DE DESEÑO E REVISIÓN DA OFERTA

- Sería de interese realizar, en todas as titulacións, unha análise de valoración e logro das competencias xerais, específicas e transversais logo do primeiro período de renovación das acreditacións e de cara a considerar a necesidade de manter ou facer renovacións nas memorias verificadas dos títulos.
- No relativo as actividades formativas de grado e máster resultaría adecuado continuar mellorando a participación de profesionais externos nas mesmas o que tamén permitiría visibilizar mellor os perfís profesionais das distintas titulacións.

#### - DE ACCIÓN DOCENTE

- Necesidade de mellorar a información pública dos protocolos de practicum/prácticas obrigatorias e as coordinacións, en todos os títulos que

oferta estas materias, entre o profesorado supervisor na universidade e os titores/as nas institucións de prácticas.

- De aumentar o número de TFG e TFM defendidos en cada curso para acadar maiores taxas de graduación dado que se ten detectado que, xunto coa obtención da certificación do nivel B1 de lingua estranxeira, a desmotivación, sobrecarga de traballo, etc. leva ao alumnado da facultade a adiar, máis alá do tempo establecido, as defensas dos seus traballos de final de grado e/ou máster.
- De elaboración e/ou actualizar os procesos de avaliación naquelas materias avaliadas con tribunais ou por profesorado de distintos departamentos como son TFG, TFM e Practicum.
- E de identificación de factores que inflúen no coñecemento das saídas profesionais e do mundo laboral dos distintos títulos que se imparten no centro o que sen dúbida repercutiría na mellora dos procesos de orientación académica e profesional do alumnado.

### 3. Plan de Melloras do Centro

LISTAXE DE ACCIÓNS						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-01	Informe renovación acreditación grao Educación social Informe seguimento SGIC	Análise de valoración e logro das competencias xerais, específicas e transversais das titulacións do centro	Por iniciarse	Coordinadoras/es títulos do centro	2017-2018	-
AM-02	Informe renovación acreditación grao Educación social/Mestre/a en Infantil/Mestre/a en Educación Primaria Informe seguimento SGIC	Necesidade de mellorar a coordinación nos Practicum entre o profesorado supervisor na universidade e os titores/as nas institucións de prácticas	En proceso	Coordinadoras/es títulos do centro Vicedecanato de Practicum	2016-2017	-
AM-03	Informe renovación acreditación grao Educación social Informe seguimento SGIC	Acompañamento informativo e motivador ao alumnado de últimos cursos para estimular a realización e defensa dos TFG	En proceso	Coordinadoras/es títulos do centro Coordinadores/as de 4º curso	2016-2017 aínda que sería recomendable o seu mantemento se fose efectiva	-
AM-04	Informe renovación acreditación graos e informe seguimento másteres Informe seguimento SGIC	Elaboración e aprobación da Memoria de Calidade do Centro, da Plan Estratéxico e da Programación Plurianual	En proceso	Responsable de Calidade do Centro	2016-2017	-
AM-05	Informe renovación acreditación graos e informe seguimento másteres Informe seguimento SGIC	Difusión para fomentar a cultura de calidade e participación dos grupos de interese do centro nas enquisas de satisfacción	En proceso	Responsable de Calidade do Centro	2016-2017	-
AM-06	Informe renovación acreditación graos e informe seguimento másteres Informe seguimento SGIC	Analizar a participación dos diferentes grupos de interese do centro na revisión do SGIC	En trámite	Responsable de Calidade do Centro	2015-2016	-

	MEMORIA DE CALIDADE	
	FORMATO	Páxina 12 de 26

LISTAXE DE ACCIÓNS						
ID	ORIXE	DESCRICIÓN	ESTADO	RESPONSABLE SEGUIMENTO	DATA FIN PREVISTO	REMATADA
AM-07	Informe renovación acreditación graos e informe seguimento másteres Informe seguimento SGIC	Difundir a convocatoria, se se produce, de avaliación docente (DOCENTIA), entre o persoal docente do centro e fomentar a participación na mesma	Pendente dunha nova convocatoria	Responsable de Calidade do Centro	-	-
AM-08	Informe renovación acreditación graos e informe seguimento másteres Informe seguimento SGIC	Mellorar a participación de profesionais externos nas actividades formativas de Grao e Máster do Centro	Por iniciarse	Coordinación dos Grados e Máster	2016-2017	-
AM-09	Informe renovación acreditación grao Pedagogía	Clarificar os perfís profesionais da Pedagogía e visibilizalos co alumnado	Por iniciarse	CCC Comisión Académica do título	2017-2018	-
AM-10	Informe renovación acreditación graos e informe seguimento másteres Informe seguimento SGIC	Identificación de factores que inflúen no coñecemento das saídas profesionais e do mundo laboral	Por iniciarse	CCC Equipo directivo	2016-2017	-
AM-11	Informe renovación acreditación grao Mestre/a en Educación Infantil/ Mestre/a en Educación Primaria	Adquirir materiais de apoio á docencia	Por iniciarse	Responsable de Calidade do Centro Decanato	2015-2016	-
AM-12	Informe seguimento másteres Informe seguimento do SGIC	Elaboración e/ou actualización de procesos de avaliación naquelas materias avaliadas con tribunais ou por profesorado de distintos departamentos como é o caso de TFG, TFM ou Practicum	En proceso	Coordinación de titulacións CCC Responsable calidade do Centro	2016-2017	-

	MEMORIA DE CALIDADE	
	FORMATO	Páxina 13 de 26

ACCIÓN DE MELLORA				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	<b>AM-01</b>	
		<b>Tipo</b>	Acción de mellora	
	<b>Definición</b>	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Titulacións de grado e máster do centro
		<b>Análise causa</b>	Necesidade de dispor de datos sobre o logro de competencias entre o profesorado das titulacións	
		<b>Definición/descrición proposta</b>	Aplicación dunha parrilla deseñad ad hoc, para cada título, de análise de valoración y logro das competencias xerais, específicas e transversais das distintas titulacións entre el profesorado das mesmas.	
		<b>Data prevista de finalización</b>	Curso 2017-2018	
	<b>Data inicio</b>	Curso 2015-2016		
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Coordinadora das Titulacións Coordinadoras/es de Curso Vicedecanato de Calidade		
<b>Tarefa 1</b>	<b>Código</b>	<b>AM-01-1</b>		
	<b>Descrición tarefa</b>	Análisis e valoración de competencias ao profesorado dalgún curso con docencia no 2º cuatrimestre		
	<b>Data prevista de finalización</b>	2015-2016		
	<b>Persoa responsable</b>	Coordinadores/as das titulacións Vicedecanato de Calidade		
<b>Tarefa 2</b>	<b>Código</b>	<b>AM-01-2</b>		
	<b>Descrición tarefa</b>	Análise dos resultados e elaboración de informes correspondentes		
	<b>Data prevista de finalización</b>	2015-2016		
	<b>Persoa responsable</b>	Coordinadores/as das titulacións Vicedecanato de Calidade		
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>			
	<b>Data estado</b>			
	<b>Comprobación</b>			
	<b>Data comprobación</b>			

	MEMORIA DE CALIDADE	
	FORMATO	Páxina 14 de 26

ACCIÓNS DE MELLORA				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	<b>AM-02</b>	
		<b>Tipo</b>	Acción de mellora	
	<b>Definición</b>	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Titulacións de grado e máster do centro
		<b>Análise causa</b>	Necesidade de mellorar a coordinación entre o profesorado supervisor na universidade e o profesorado titor no desenvolvemento dos Practicum ou Prácticas das distintas titulacións que se imparten no centro.	
		<b>Definición/descrición proposta</b>	Realización de experiencias piloto de coordinación deseñadas desde cada titulacións e que poderían, de resultar exitosas ser consideradas exemplos de boas prácticas na Facultade.	
		<b>Data prevista de finalización</b>	2016-2017	
		<b>Data inicio</b>	Curso 2015-2016	
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Coordinación da titulación Coordinación de curso Coordinación de Practicum		
<b>Tarefa 1</b>	<b>Código</b>	<b>AM-02-1</b>		
	<b>Descrición tarefa</b>	Posta en marcha de accións piloto da proposta de mellora nalgunha titulación da facultade		
	<b>Data prevista de finalización</b>	Curso 2015-2016		
	<b>Persoa responsable</b>	Coordinación da titulación		
<b>Tarefa 2</b>	<b>Código</b>	<b>AM-02-2</b>		
	<b>Descrición tarefa</b>	Análise das experiencias piloto e extrapolación das que resultaron exitosas a outras titulacións da facultade		
	<b>Data prevista de finalización</b>	Curso 2016-2017		
	<b>Persoa responsable</b>	Coordinación da titulación Coordinación de curso Coordinación de Practicum		
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>			
	<b>Data estado</b>			

	MEMORIA DE CALIDADE	
	<b>FORMATO</b>	Páxina 15 de 26

	Comprobación	
	Data comprobación	

ACCIÓNS DE MELLORA				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	Código	<b>AM-03</b>	
		Tipo	Acción de mellora	
	<b>Definición</b>	<b>Ámbito</b>	Ámbito de aplicación	Grado en Educación Social e demais titulacións de grado e máster do centro
		<b>Análise causa</b>	Baixa taxa de defensa de TFG/TFM en relación ao número de matriculadas/os	
		<b>Definición/descripción proposta</b>	Acompañamento informativo e motivador ao alumnado de últimos cursos para estimular a realización e defensa dos TFG	
		<b>Data prevista de finalización</b>	Curso 2016-2017 (recomendable a súa repetición nos cursos posteriores se fose efectiva)	
		<b>Data inicio</b>	Curso 2015-2016	
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Coordinadores/as de titulación Coordinadores/as de últimos cursos nos títulos de grado		
<b>Tarefa 1</b>	Código	<b>AM-03-1</b>		
	Descrición tarefa	Presentación inicial de TFG/TFM: Fases, tarefas e orientacións xerais		
	Data prevista de finalización	Mes de outubro de cada curso		
	Persoa responsable	Coordinadores/as de titulación Coordinadores/as de últimos cursos nos títulos de grado		
<b>Tarefa 2</b>	Código	<b>AM-03-2</b>		
	Descrición tarefa	Seminario preparación defensa de TFG/TFM		
	Data prevista de finalización	Mes de xuño de cada curso		
	Persoa responsable	Coordinadores/as de titulación Coordinadores/as de últimos cursos nos títulos de grado		
<b>Finalización</b>	Estado			
	Data estado			



	MEMORIA DE CALIDADE	
	FORMATO	Páxina 16 de 26

	Comprobación	
	Data comprobación	

ACCIÓNS DE MELLORA				
Definición	Acción de mellora	Código	<b>AM-04</b>	
		Tipo	Acción de mellora	
	Definición	Ámbito	Ámbito de aplicación	SGIC
		Análise causa	Necesidade de continuar coa actualización, adecuación e implantación do SGIC	
		Definición/descripción proposta	Elaboración e aprobación da Memoria de Calidade do Centro Elaboración e aprobación do Plan Estratéxico e da Programación Plurianual do Centro	
		Data prevista de finalización	Curso 2016-2017	
	Data inicio	Curso 2015-2016		
Responsables	Responsable da implantación	Responsable de Calidade do Centro Equipo de dirección Comisión de Calidade do Centro Xunta de Facultade		
Tarefa 1	Código	<b>AM-04-1</b>		
	Descrición tarefa	Elaboración e aprobación da Memoria de Calidade do Centro		
	Data prevista de finalización	2015-2016		
	Persoa responsable	Responsable de Calidade do Centro		
Tarefa 2	Código	<b>AM-04-2</b>		
	Descrición tarefa	Elaboración do Plan Estratéxico de acordo co procedemento P01-PE-01 do SGIC e elaboración e aprobación da Programación Plurianual de acordo co procedemento P02-PE-01		
	Data prevista de finalización	2016-2017		
	Persoa responsable	Responsable de Calidade do Centro		
Finalización	Estado			
	Data estado			
	Comprobación			

	MEMORIA DE CALIDADE	
	<b>FORMATO</b>	Páxina 17 de 26

	Data comprobación	
--	-------------------	--

ACCIÓNS DE MELLORA				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	Código	<b>AM-05</b>	
		Tipo	Acción de mellora	
	<b>Definición</b>	<b>Ámbito</b>	Ámbito de aplicación	SGIC
		<b>Análise causa</b>	Necesidade de incrementar a participación do alumnado e profesorado na resposta ás enquisas da actividade docente e de satisfacción	
		<b>Definición/descrición proposta</b>	Difusión para fomentar a cultura de calidade e participación dos grupos de interese do centro	
		<b>Data prevista de finalización</b>	30/08/2016	
		<b>Data inicio</b>	Setembro de 2015	
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Responsable de Calidade do Centro Comisión de Calidade do Centro Vicerreitorado de Comunicación e Coordinación Área de Calidade e Mellora dos Procedementos		
<b>Tarefa 1</b>	Código	<b>AM-05-1</b>		
	Descrición tarefa	Comunicar con suficiente antelación aos centros as datas de realización das enquisas establecidas no SGIC para que poida realizarse difusión entre os diferentes grupos de interese		
	Data prevista de finalización	Curso 2015/16		
	Persoa responsable	Xefatura da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos		
<b>Tarefa 2</b>	Código	<b>AM-05-2</b>		
	Descrición tarefa	Facilitar medios e tempos ao alumnado para fomentar a participación nas enquisas de satisfacción		
	Data prevista de finalización	Curso 2015/16		
	Persoa responsable	Comisión de Calidade do Centro Responsable de Calidade do Centro		
<b>Tarefa 3</b>	Código	<b>AM-05-3</b>		
	Descrición tarefa	Realizar charlas informativas para concienciar sobre a importancia e a utilidade de participar nas enquisas de satisfacción para o correcto funcionamento dos SGIC		
	Data prevista de finalización	Curso 2015/16		

	MEMORIA DE CALIDADE	
	FORMATO	Páxina 18 de 26

	<b>Persoa responsable</b>	Área de Calidade e Mellora dos Procedementos Responsable de Calidade do Centro
<b>Tarefa 4</b>	<b>Código</b>	<b>AM-05-4</b>
	<b>Descrición tarefa</b>	Elaborar informes institucionais que se difundan na comunidade universitaria sobre os resultados das avaliacións levadas a cabo, das enquisas de satisfacción, e dos planes de mellora adoptados pola USC en base ás accións establecidas nos centros, para evidenciar a utilidade do sistema
	<b>Data prevista de finalización</b>	Curso 2015/16
	<b>Persoa responsable</b>	Vicerreitorado de Comunicación e Coordinación Área de Calidade e Mellora dos Procedementos
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>	
	<b>Data estado</b>	
	<b>Comprobación</b>	
	<b>Data comprobación</b>	

ACCIÓN DE MELLORA				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	<b>AM-06</b>	
		<b>Tipo</b>	Acción de mellora	
	<b>Definición</b>	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	SGIC
			<b>Análise causa</b>	Os cauces de participación dos grupos de interese están establecidos no SGIC marco, no obstante é preciso estudar a súa participación efectiva para realizar accións que fomenten o seu interese
			<b>Definición/descrición proposta</b>	Analizar a participación dos diferentes grupos de interese do centro na revisión do SGIC e ter en conta esta información para a toma de decisións que persiga potenciar a cultura de calidade do centro.
			<b>Data prevista de finalización</b>	2015/2016
			<b>Data inicio</b>	Febreiro 2016
	<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Responsable de Calidade do Centro Comisión de Calidade do Centro	
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>			
	<b>Data estado</b>			
	<b>Comprobación</b>			

	MEMORIA DE CALIDADE	
	FORMATO	Páxina 19 de 26

	Data comprobación	
--	-------------------	--

ACCIÓNS DE MELLORA				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	Código	<b>AM-07</b>	
		Tipo	Acción de mellora	
	<b>Definición</b>	<b>Ámbito</b>	Ámbito de aplicación	SGIC
		<b>Análise causa</b>	Necesidade dunha nova convocatoria experimental do programa DOCENCIA antes de poder certificar a implantación do proceso	
		<b>Definición/descrición proposta</b>	Unha vez aprobado o procedemento para a avaliación docente polos órganos competentes, difundir a convocatoria entre o persoal docente do título e fomentar a participación na mesma	
		<b>Data prevista de finalización</b>	Cando se establezan os prazos desa nova convocatoria	
		<b>Data inicio</b>	---	
	<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Responsable de Calidade do Centro Comisión de Calidade do Centro	
<b>Tarefa1</b>	Código	<b>AM-07-1</b>		
	Descrición tarefa	Realizar actividades de difusión da convocatoria entre o PDI do centro para fomentar a participación		
	Data prevista de finalización	---		
	Persoa responsable	Responsable de Calidade do Centro Comisión de Calidade do Centro		
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>			
	<b>Data estado</b>			
	<b>Comprobación</b>			
	<b>Data comprobación</b>			

	MEMORIA DE CALIDADE	
	FORMATO	Páxina 20 de 26

ACCIÓNS DE MELLORA				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	<b>AM-08</b>	
		<b>Tipo</b>	Acción de mellora	
	<b>Definición</b>	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Titulacións de grado e máster do centro
		<b>Análise causa</b>	Escasa ou nula participación de profesionais externos en actividades formativas vinculadas ao título	
		<b>Definición/descripción proposta</b>	Calendario de ponencias, conferencias, obradoiros, etc. impartidos por profesionais externos como actividades formativas do título que enriquezan os contidos e vinculen os coñecementos de saídas académico-profesionais	
		<b>Data prevista de finalización</b>	---	
		<b>Data inicio</b>	Cando se dispoña de financiación de planes de mellora dos centros	
	<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Coordinadoras/es das titulacións do centro Profesionais externos Profesorado Comisións dos títulos que se imparten no centro	
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>			
	<b>Data estado</b>			
	<b>Comprobación</b>			
	<b>Data comprobación</b>			

	MEMORIA DE CALIDADE	
	FORMATO	Páxina 21 de 26

ACCIÓNS DE MELLORA				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	<b>AM-09</b>	
		<b>Tipo</b>	Accións de mellora	
	<b>Definición</b>	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Grado en Pedagogía
		<b>Análise causa</b>	Necesidade de clarificar os perfís de pedagogo/a e visibilizalos ao alumnado	
		<b>Definición/descripción proposta</b>	Análise das enquisas ao alumnado e estudo sobre expectativas ante a inserción socio-laboral dos graduados/as en Pedagogía na Comunidade Autónoma de Galicia. Da universidade ao mercado laboral	
		<b>Data prevista de finalización</b>	Curso 2017-2018	
		<b>Data inicio</b>	Curso 2015-2016	
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Comisión de Calidade do Centro Comisión de Titulación		
<b>Tarefa 1</b>	<b>Código</b>	<b>AM-09-1</b>		
	<b>Descrición tarefa</b>	Elaboración dunha proposta das saídas profesionais do informe da Conferencia de decanos/as e outros estudos realizados en España e Europa.		
	<b>Data prevista de finalización</b>	2015-2016		
	<b>Persoa responsable</b>	Comisión do Título		
<b>Tarefa 2</b>	<b>Código</b>	<b>AM-09-2</b>		
	<b>Descrición tarefa</b>	Elaboración dun mapa de saídas profesionais e difusión do mesmo na web do centro. Elaboración, se fose pertinente, de modificacións no título para incorporar o mapa de saídas profesionais elaborado.		
	<b>Data prevista de finalización</b>	2016-2017		
	<b>Persoa responsable</b>	Equipo decanal Comisión do Título Comisión de Calidade do Centro Equipo Reitoral		
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>			
	<b>Data estado</b>			
	<b>Comprobación</b>			
	<b>Data comprobación</b>			

	MEMORIA DE CALIDADE	
	FORMATO	Páxina 22 de 26

ACCIÓNS DE MELLORA				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	<b>AM-10</b>	
		<b>Tipo</b>	Acción de mellora	
	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Titulacións de grado e máster do centro	
		<b>Definición</b>	<b>Análise causa</b>	Recomendacións das comisións de acreditación dos títulos do centro sobre a necesidade de coñecer expectativas ante a inserción sociolaboral dos graduados e postgraduados do centro de cara á mellora das saídas profesionais.
	<b>Definición/descripción proposta</b>		Indagar con estratexias de participación a visión do alumnado sobre as saídas profesionais dos títulos do Centro e construción de instrumentos para a identificación de factores que inflúen no coñecemento das saídas profesionais e fo mundo laboral	
	<b>Data prevista de finalización</b>		Curso 2016-17 (en función da dispoñibilidade de recursos para levala a cabo)	
	<b>Data inicio</b>		Cando se dispoña de financiación de planes de mellora dos centros	
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Comisións de titulacións do Centro Equipo de dirección Comisión de Calidade do Centro		
<b>Tarefa 1</b>	<b>Código</b>	<b>AM-10-1</b>		
	<b>Descrición tarefa</b>	Análise de estudos para coñecer instrumentos previos e pensar como extraer coñecemento sobre o tema		
	<b>Data prevista de finalización</b>	2015/16		
	<b>Persoa responsable</b>	Comisións de Titulación		
<b>Tarefa 2</b>	<b>Código</b>	<b>AM-10-2</b>		
	<b>Descrición tarefa</b>	Entrevistas ao alumnado e grupos de traballo abertos. Deseño do instrumento e aplicación piloto		
	<b>Data prevista de finalización</b>	2016/17		
	<b>Persoa responsable</b>	Comisións de titulación Persoal de apoio (Bolsiros/as) de accións de mellora de calidade		
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>			
	<b>Data estado</b>			
	<b>Comprobación</b>			
	<b>Data comprobación</b>			

	MEMORIA DE CALIDADE	
	FORMATO	Páxina 23 de 26

ACCIÓNS DE MELLORA				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	<b>AM-11</b>	
		<b>Tipo</b>	Accións de mellora	
	<b>Definición</b>	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Titulacións de grado do Centro
		<b>Análise causa</b>	Necesidade de mellorar a dotación de material e recursos docentes dos centros	
		<b>Definición/descripción proposta</b>	Renovar material informático das aulas e adquirir material de apoio á docencia (micrófonos e equipo de megafonía) ante unha necesidade docente por afección de cordas vocais	
		<b>Data prevista de finalización</b>	Decembro de 2016	
		<b>Data inicio</b>	Marzo de 2016	
	<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Decanato Responsable de Calidade do Centro Coordinadores/as de Títulos do Centro Departamentos	
<b>Finalización</b>	<b>Estado</b>			
	<b>Data estado</b>			
	<b>Comprobación</b>			
	<b>Data comprobación</b>			



	MEMORIA DE CALIDADE	
	FORMATO	Páxina 24 de 26

ACCIÓNS DE MELLORA				
<b>Definición</b>	<b>Acción de mellora</b>	<b>Código</b>	<b>AM-12</b>	
		<b>Tipo</b>	Acción de mellora	
	<b>Definición</b>	<b>Ámbito</b>	<b>Ámbito de aplicación</b>	Titulacións de grado e máster do centro
		<b>Análise causa</b>	Pouca información sobre os procesos de avaliación e escasa retroalimentación dos resultados e propostas de mellora	
		<b>Definición/descripción proposta</b>	Elaboración e/ou actualización dos procesos de avaliación, descricións máis detalladas dos criterios de avaliación, fases e probas a realizar e establecemento de procedementos de retroalimentación sobre a calidade dos traballos entregados.	
		<b>Data prevista de finalización</b>	Decembro de 2016	
		<b>Data inicio</b>	Marzo de 2016	
<b>Responsables</b>	<b>Responsable da implantación</b>	Coordinadores/as das titulacións do Centro Profesorado Comisión de Calidade do Centro		
<b>Tarefa 1</b>	<b>Código</b>	<b>AM-12-1</b>		
	<b>Descrición tarefa</b>	Elaboración de rúbricas de avaliación naquelas materias avaliadas con tribunais (TFG, TFM)ou por profesorado distinto como no caso dos Practicum ou prácticas obrigatorias.		
	<b>Data prevista de finalización</b>	2015/16		
	<b>Persoa responsable</b>	Coordinadores/as de titulacións Profesorado		
<b>Tarefa 2</b>	<b>Código</b>	<b>AM-12-2</b>		
	<b>Descrición tarefa</b>	Incorporación de descricións máis detalladas, nas guías docentes das distintas materias, dos criterios, fases e probas das que constan os procesos de avaliación.		
	<b>Data prevista de finalización</b>	2015/16		
	<b>Persoa responsable</b>	Coordinadores/as de titulacións Profesorado		
<b>Tarefa 3</b>	<b>Código</b>	<b>AM-12-3</b>		
	<b>Descrición tarefa</b>	Establecer procedementos de retroalimentación sobre a calidade dos traballos entregados nun prazo establecido previamente e a través das tutorías que todo profesor/a debe ter fixadas no seu horario docente ou das ferramentas propias da formación virtual.		
	<b>Data prevista de finalización</b>	2015/16		
	<b>Persoa responsable</b>	Coordinadores/as de titulacións		

	MEMORIA DE CALIDADE	
	FORMATO	Páxina 25 de 26

		Profesorado
Finalización	Estado	
	Data estado	
	Comprobación	
	Data comprobación	

#### 4. Anexo: Informes de seguimento

Dispoñibles na páxina web Calidade SGIC da Facultade de Ciencias da Educación  
([http://www.usc.es/gl/centros/cc\\_educacion/plandecalidade.html](http://www.usc.es/gl/centros/cc_educacion/plandecalidade.html))